



"*Consideramos necesario un cambio de rumbo no concello de Nigrán: fundamentalmente, que se governe para todas as persoas que viven no municipio e non só coa mentalidade posta nunha minoría afecta ao Partido Popular, ou en intereses propios ou de partido*", reclaman dende esta candidatura que baixo o nome Nigrán Decide-SON congrega a persoas integrantes de formacións como Podemos Nigrán, Esquerda Unida e ANOVA xunto con cidadáns independentes.

Nese senso, procuran acadar os apoios necesarios da veciñanza para darlle unha nova forma de gobernabilidade ao concello onde "a corrupción e a especulación urbanística son algúns dos sinais de identidade", denuncian.

Baixo o lema "En Nigrán decides ti" propón unha dinámica assemblearia xunto con un código ético cara o control cidadán das actuacións dos concelleiros electos pola súa candidatura que lidera o comunista José Cuevas.

"*Queremos evitar que o nome de Nigrán continúe ocupando espazos nas páxinas de sucesos, como ocorreu en reiteradas ocasións ao longo destes catro anos, cando tiveron que dimitir concelleiras e concelleiros do PP por estar imputados en ilegalidades de distinta índole*", afirman.

Entenden que urxe presentar nestes comicios unha alternativa "*dinámica, renovadora na forma*

de gobernar e dedicada á búsqueda de solucións aos problemas máis inmediatos das persoas, de todas as persoas; como tamén na elaboración de propostas de desenvolvemento e de mellora das condicións de vida de todo o pobo de Nigrán

"

Nese senso, adiantan que "as concelleiras e concelleiros electos deberán asumir o Código Ético aprobado; un Código Ético que garantiza o desempeño das súas responsabilidades con lealdade á asemblea e ao Programa Político da candidatura e con total transparencia."

Engaden que establécese unha limitación salarial por un importe "

de tres veces e media o salario mínimo interprofesional para dedicacións exclusivas; subscribirán un compromiso de transparencia e rendición de contas ao longo e ao final da súa actividade como representantes; límitase o mandato a dous períodos electorais, admitíndose unha prórroga de outros catro anos, sempre que a asemblea así o decida

"

Ao mesmo tempo, sinalan que o programa de NIGRÁN DECIDE – SON será sometido a aprobación da asemblea que sustenta a candidatura este venres 8 de maio, despois de que se fosen publicando e debatendo os distintos borradores durante as últimas semanas a través do blog da candidatura e nas redes, así como de maneira presencial.

En materia de urbanismo, "dados os informes negativos da Xunta de Galicia e dos técnicos do propio Concello, e a imposibilidade real de corrixir o documento mediante a mera cesión do contrato, proporemos o aproveitamento da documentación que poida valer e unha nova licitación da redacción do PXOM. O novo PXOM debe estar tecnicamente ben elaborado e baseado en criterios científicos e tendo en conta o futuro económico e demográfico de Nigrán, así como a propia situación xeográfica do concello, e non sometidos ao capricho dun alcalde nin aos intereses dun grupo minoritario

"

Salientan que o programa presta especial atención "á búsqueda de solucións para os problemas máis inmediatos das persoas: o dereito a unha vida digna da xente maior e da máis nova; o dereito á igualdade, a defensa dos dereitos das mulleres en todos os ámbitos; os dereitos da mocidade; o acceso á cultura e á práctica do deporte; alternativas para a mellora da saúde...

"

En materia de Economía e Emprego preséntase un catálogo de medidas para a promoción das persoas en paro, nomeadamente en función das necesidades das actividades económicas de

ANOVA, EU e independentes únense nas municipais na procura dun cambio para Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 08 Maio 2015 08:16

Nigrán.

Aseguran que este proxecto político "*fai un especial fincapé na práctica da transparencia na actividade política, así como na esixencia de que se establezan as canles e os sistemas necesarios para facilitar a democracia e a participación cidadán, máis alá do exercicio do voto cada catro anos*".